

*As nosas plantas**

XILBERTE MANSO DE LA TORRE

Poder ter entre as mans un libro como o que hoxe presentamos é, para unha persoa coma min que goza da natureza e do que nos dá cada día, un pracer. Un gran pracer por dobre motivo:

- Un primeiro por ser a obra dun compañeiro de profesión e de inquedanzas neste palleiro do Instituto de Estudos Miñoranos que construímos entre moitos con moitas pallas e horas de seitura nos longos e fermosos campos do Val Miñor. As leiras e lérias do IEM téñennos levado, como aos vellos seitureiros, a andar ao sol e á chuvia recollendo mangados e feixes de saberes para facer as medas, os postoiros, os palleiros... encher a palleira para ter o feo e a semente que poder utilizar cando fose preciso.

- Outro motivo é o de poder falar de plantas, de herbas, de patrimonio natural, de beleza, de país, do cerne de moitas cousas fermosas que nos rodean e que están aí mellorando as nosas vidas, moitas veces sen sequera darnos conta.

Eu non son especialista en botánica. Nin biólogo. Iso si, teño unha grande afección dende neno, e un moi gran respecto e admiración polos que si saben, como é o caso de Xosé Ramón e, loxicamente, non son tan atrevido como para pórme aquí, agora a falar en termos técnicos. Iso deixamos que o faga el, polo menos que nos fale de como se chega a recoller tanta información e darlle a forma de libro científico e accesible a todos.

A min gustárame, para introducir aos compañeiros, contar algunhas cousas relacionadas coas nosas plantas e o que sinto cando percibo a súa presenza en calquera intre do ano.

Dáme a impresión de que agora sabemos, en xeral, menos que antes sobre as plantas, aínda que pareza un paradoxo. É evidente que o coñecemento científico é maior, pero o saber popular estase a perder, a relación estreita coas plantas e as

* Este texto foi lido por Xilberte Manso De la Torre na presentación do libro *Guía das plantas de Galicia* do que é autor Xosé Ramón García que tivo lugar o 22 de xaneiro de 2009 na Aula de Cultura "Ponte de Rosas" en Gondomar.

súas propiedades mudou moito. Antes calquera muller e home do noso país sabía e coñecía moito máis das plantas que agora (non falo do seu uso e aproveitamento, que segue a ser moi importante a nivel industrial). Tiñan unha relación directa e cotiá e iso levaba a que os nosos avós soubesen como se chamaban e para que servían moitas das plantas que nós vemos hoxe e que desprezamos. Non había tantos médicos nin estaban tan a man. Non había droguerías, farmacias, tendas... nin tempo ou cartos para ir a elas a mercar un perfume, un xabón, un insecticida, unha aspirina, ou calquera outro remedio ou emplasto que se necesitase. Dende o mal de amores a unha escordadura, dende un remedio para os gases a un espantamoscas, unha dor de moas, un adobío para os chourizos ou un remedio para botar ás toupeiras da horta. Agora imos á farmacia ou ao supermercado e témolo todo envolto nun plástico. Iso está ben, afortunadamente nalgunhas cousas fomos mellorando.


Mais preguntádelle a un rapaz o nome dalgunha planta que estea nos arredores. Xa non digo a súa utilidade. Seguramente non sabería dicir moitas. Nin sequera as estrugas ou ortigas, as hedras, o mentraste ou calquera outra das máis coñecidas ou comúns que andan polas gabias e as beirarrúas. Perdemos o coñecemento do medio, que se di agora, o saber popular, a falla da necesidade e a relación coa natureza. Deixamos na man do diñeiro o chegar ao que se necesita, e non como antes no saber buscar e apañarse co que tiñamos gratis.

Pero as nosas plantas non só nos proporcionan remedios e infusións para moitos males, tamén nos informan de como é a terra que pisamos, ou que é o que hai ou había nela, ou nomean e alcuñan aos veciños, para ben e para mal.

Imos ao médico á Xunqueira, xogar aos Bolos á Carrasca, temos unha amiga na Xesteira coa que imos á praia a Canido. Con Margarida si, con Hortensia non, que é coma un toxo. Pero tamén veñen Azucena, Rosa, Begoña, Petunia e algunha máis que se achegan dende Tomiño.

Están nos mellores versos, nos romances e nas cantigas. Danlle título a fermosas historias como as de *Herba Moura*, e en mans de boas menciñeiras, Héléne Jans, unha das protagonistas da novela, curan os males de amores, o andazo da asma, perfúmanos o corpo e mesmo nos serven de estímulo para erguernos o ánimo. As nosas plantas, que saen o mesmo nos lameiros, nas beiras dos ríos, nos soutos, nos cumes dos montes, entre as areas da praia ou as penedas da Groba, na codia dun carballo na Fraga de Oliveira ou baixo a sombra dun estripeiro no Galiñeiro, e papan mosquitos e pequenos insectos na Chan do Cereixo, ou arrecenden a mel en Chandebrito, e cantan os maios entre carrabouxos e bugallos, ou alfombran as rúas en Santa Liberata alá polo día do Corpus. Espantan as meigas e suavizan a pel coa xeadada da alborada polo San Xoán, e danlle compañía na pota ao marisco en xullo; en agosto arrecenden a verán nas noites insomnes e de verbena, en outono acompañan o bagazo no pote para facer a augardente ou lémbrennos aos seres queridos que xa non están con nós. Anuncian a chegada do frío e espértannos cando xa pasou o inverno. Carqueixas e uces, primulas e tollemerendas, toxos, madre selvas, tomiños, romeus, poexos, trevos, mentas, azaias...

Todo un mundo vexetal en constante muda, agora vizoso e exuberante, agora murcho e recollido, agardando por tempos e circunstancias mellores que fagan renacer os xermolos dunha nova xeira anual.



Presentación do libro *As nosas plantas* de X.R. García.

As plantas poñen en garda os cinco sentidos e son capaces de facernos repasar as follas da nosa memoria máis antiga, facéndonos evocar lugares, tempos, circunstancias nas que, entre outras cousas, elas estaban alí deixando a súa pegada. Facede memoria, buscade aí no fondo dese arcaz no que temos gardadas as lembranzas, e traede á luz do presente un intre. Poñamos algún exemplo repasando as cinco cambas da roda dos nosos sentidos.

Eu confeso, pecador, que teño sentido e vivido coa **vista** uns inmensos campos de trigo abagañados de papoulas vermellas baixando da Serra de Ronda cara a Málaga, que me petaron nos ollos como o mellor cadro de Van Gogh, Matisse ou calquera outro impresionista. Dende aquel día, as papoulas que eu tiña como plantas que nacen illadas, en pequenos grupos familiares, xa non son o mesmo e sempre están aí, nas miñas lembranzas cando vexo unha en calquera lugar.

O **ouvido** tamén ten os seus ecos vexetais. Lembro o son dos froitos das xestas estralando, cando o sol fende as testas na miña terra nai, aló en agosto, no Montelaegre ourensán ao pé da Cruz onde nacín, un monte cargado de historia e de lembranzas da nenez. Tamén as piñas ao soltar os piñóns dos piñeiros mansos. Estea onde estea, as leguminosas no verán, ao estalar e ceibar as sementes, lévanme ao meu Montelaegre da infancia.

O **tacto**. Quen non se deixou acariñar pola herba das cóxegas, ou non pasou por riba do gramón descalzo, ou andou a rebolos cos ollos pechos por un lameiro abaixo, ou na beira dun río o corpo nu e a pel enriba das margaridas (tempos aqueles de reivindicación do nudismo).

O **gusto**. Cantas e cantas son as plantas que comemos. Todos temos algunha preferida. Pero eu lembraría as máis montesías, como as apóutegas que de nenos buscábamos ao pé das raíces das carrascas, ou o néctar da flor da borraxa, as

acedeiras que procurabamos nos muros vellos e nas paredes e deixabamos que se fosen desfecendo entre a lingua e o padal sen mastigar.

E para rematar o **olfacto**. As evocacións poden ser infinitas pois é un dos sentidos cos que máis xogan as nosas protagonistas. Dende os perfumes que dicimos teñen fragancia a... a que sexa. Ata os milleiros de arrecendos que cando paseamos por un lugar nos levan a eses recunchos íntimos que temos gardados na memoria dos afectos e os sentimentos. A herba despois da seitura é para min un dos máis evocadores; outro é o arrecendo do xasmin pola noite, que me leva a terras da xudería cordobesa nunha noite de San Xoán; ou o arrecendo a azar do patio das laranxeiras da Mezquita escoitando a Siniestro Total cantar *Miña terra galega*.

Todos temos aí algún olor, aroma ou fragancia que abre a billa da nosa emoción, para ben e para mal. Seguramente máis veces para ben, pois se algo ten o noso cerebro é a capacidade de seleccionar as lembranzas deixando que as boas ocupen máis espazo que as malas no noso disco duro.

Así que non quero aburrirvos con máis lerias, só pretendía explicar o moito que as plantas poden significar na vida dunha persoa e os grandes valores e importancia que teñen. De aí que o coñecelas axuda moito a protexelas e respectalas, e a obra de Xosé Ramón para min é unha compañeira moi apreciada pois, como dicía antes, axúdame a manter vivos tódolos sentidos e tódalas ansias para vivir en plenitude a gran riqueza que atesoura a nosa terra, e que nos vén dada moi xenerosamente.

Grazas polo labor de anos e o saber que compartes con todos nós. Grazas a Edicións Xerais por axudar a que chegue a todos os recantos do país unha obra coma esta, que debería estar en todos os fogares para ler e compartir camiñando polos campos en calquera época do ano, ou sentados á sombra dunha árbore pondo a proba os cinco sentidos.

Co trevo de catro follas do x de Xerais que leva na portada, toda a sorte para o libro e para o seu autor.